


1-7 XULLO, 2024

un mar de contos por toda Galicia

SANTIAGO DE COMPOSTELA | FERROL | TEO
A CORUÑA | ALFOZ | A ESTRADA | A POBRA DO CARAMIÑAL
BETANZOS | BRIÓN | CALDAS DE REIS | CUNTIS | CHANTADA | DODRO
LOBIOS | MEAUS | MUGARDOS | OUTES | OURENSE | PALAS DE REI
PAZOS DE BORBÉN | RIBEIRA | ROIS | SANXENXO | VIGO | VILALBA
E EN PORTUGAL: CAMPO DE GERÊS | FAFIÃO | PARADELA DO RÍO
PITÕES DAS JÚNIAS E VILANOVA (FERRAL)



ATLÁNTICA
festival
internacional de
narración oral

XUNTA
DE GALICIA

Deputación
DA CORUÑA

Un premio Max, espectáculos para adultos e cativos e unha andaina nocturna na segunda xornada de Atlántica en Santiago

- Paula Carballeira, Jaime Santos e Iseo Agilda son os artistas que actuarán este martes en Santiago
- O Teatro Principal acolle 'Blancanieves', de La Chana Teatro, gañador do premio Max 2023 ao mellor espectáculo infantil, xuvenil e familiar
- Mentres, en Portugal, está programado un paseo histórico e unha sesión de contos a cargo de Estefânia Surreira
- A programación completa pódese consultar na web festivalatlantica.gal



Artistas que actuarán en Santiago este martes, 2 de xullo, no Festival Atlántica

Santiago, 1 de xullo do 2024.- Os máis cativos serán os protagonistas da segunda xornada do **Festival Atlántica** este martes, 2 de xullo, que desenvolverá actividades en **Santiago e Portugal**. Así, ás 12 horas, os pequechos terán que decidir entre escoitar as historias de **Iseo Agilda** en *A grandeza do pequeno* (12 h, CSC Santa Marta) ou os *Contos de sapos, bruxas e curuxas* de **Paula Carballeira** (12 h, CSC Maruxa e Coralia). Xa pola tardiña e no Teatro Principal, ás 17 horas, será a representación de *Blancanieves* de **La Chana Teatro**, con entrada gratuíta pero para asistir cómpre retirar previamente o convite na Zona C.

Blancanieves foi a obra gañadora do premio Max ao mellor espectáculo infantil, xuvenil e familiar no 2023. Trátase dun espectáculo luminoso celebrado pola crítica e o público no que a historia de Blancanieves cóntase desde o verso e desde o humor que nace das situacións máis desgraciadas. Blancanieves, a luz máis refulxente, é odiada e envexada pola súa madrasta, unha fermosa lámpada cuxa beleza está baleira, pois nin sequera emite luz. E alí onde habita a luz, atópase a beleza que encandea de verdade ás almas nobres. E é que a beleza é invisible aos ollos.

Alén disto, os maiores tamén poderán gozar das historias de **Paula Carballeira** con *Camiños de mar, terra e vento*, pero algo máis tarde, ás 21 horas, e tamén no CSC Maruxa e Coralia. Completa la programación de Compostela **unha andaina nocturna pola Portela de Villestro** que será guiada polo Colectivo A Rula. Consistirá nunha visita aos principais petróglifos da área arqueolóxica da zona, conformada por unhas 15 estacións de arte rupestre nos enclaves do Agro do Campo, Os Valados, O Rexío, A Devesa da Rula e Os Cortellos.

Actividade en Portugal

Atlántica tamén seguirá a se celebrar en Portugal este martes con dúas propostas: un paseo histórico a cargo de Jorge Leal e unha sesión de contos con Estefânia Surreira. Ao longo desta semana, outras sedes espalladas por Galicia iranse engadindo ao festival ata completar as máis de 90 funcións previstas nesta edición.

O XII Festival Atlántica é posible grazas ao patrocinio da Xunta de Galicia e da Deputación da Coruña e ao apoio dos concellos de Santiago de Compostela, Ferrol, Teo, Alfoz, Caldas de Reis, Dodro, Mugardos, Outes, A Pobra do Caramiñal, Ribeira, Sanxenxo e Vilalba. A programación actualizada pódese consultar na web festivalatlantica.gal.

Festival Atlántica

Atlántica, Festival Internacional de Narración Oral, naceu no ano 2013 con sede en Santiago de Compostela cunha clara vocación de ser un encontro de voces e historias de perfil atlanticista. Mantén o seu obxectivo de indagar nas raíces comúns das historias do océano, na procura da identidade cultural do Atlántico. Traballa a prol da posta en valor dunha arte escénica vinculada ao territorio, antiga pero adaptada aos tempos, e ampara, xera e difunde unha narrativa integradora, igualitaria e sostible.

+INFO: <http://festivalatlantica.gal>

KIT DE PRENSA FESTIVAL ATLÁNTICA: <https://cutt.ly/Atlantica2024>

CONTACTO PRENSA: Bea Pérez | 604 070 409 | prensa@festivalatlantica.gal

PROGRAMACIÓN ATLÁNTICA 2024 | Martes 2 de xullo

SANTIAGO DE COMPOSTELA

12.00 h - A GRANDEZA DO PEQUENO de Iseo Agilda (Galicia)

CSC Santa Marta

Rapazada do campamento e público xeral (+4 anos) | Galego

A grandeza do pequeno é un espectáculo para entender que o que nos fai grandes ou pequenos non é o noso tamaño, senón a nosa e capacidade de soñar e de tomar decisións.

Iseo Agilda sempre gustou de cantar e facer cancións, así como de escribir para ser quen de calar un rato e poder así pensar un chisco no que fai. Filósofa de formación, encamiñou logo a súa vocación cara a educación ambiental e dende aí comparte a súa vontade de aprender a vivir dun xeito máis sostible, sinxelo e xusto a través de cancións,

contos e actividades na natureza. Alén de narradora, Iseo Agilda é cantante en Sacha na Horta e Blues do País.

12.00 h - CONTOS DE SAPOS, BRUXAS E CURUXAS de Paula Carballeira (Galicia)

Xardíns CSC Maruxa e Coralia

Público familiar (+5 anos) | Galego

Contos de sapos, bruxas e curuxas. Non todo o mundo sabe que as bruxas son intelixentes, as curuxas astutas e os sapos valentes. Non todo o mundo sabe que as bruxas son astutas, as curuxas valentes e os sapos intelixentes. Non todo o mundo sabe que os sapos son astutos, as curuxas intelixentes e as bruxas valentes. Pero para iso están os contos, para lembrarnos o que esquecemos desde o inicio dos tempos.

E os contos viaxan, de boca en boca, pola terra, polo mar e, sobre todo, polo aire.

Paula Carballeira é narradora oral profesional desde 1994, actriz e escritora. Como contadora foi convidada aos principais festivais e eventos de narración oral nacionais e internacionais. Como actriz, é membro da compañía Berrobambán e participou en varias series e programas da televisión de Galicia. Como directora de teatro, levou adiante producións tanto para a súa compañía coma para outras.

Como dramaturga, recibiu galardóns como o Premio Nacional de Literatura Dramática do ano 2023, o Premio Follas Novas na categoría de Teatro no ano 2023 ou premio Laudamuco de Textos Teatrais no ano 2022, alén doutros recoñecementos. Ten máis de trinta libros publicados, moitos deles traducidos a varias linguas e a maioría pensados tamén para a infancia e a xuventude.

19.00 h - BLANCANIEVES de Jaime Santos - La Chana Teatro (Salamanca)

Teatro Principal | Retirada convites na Zona C (máx 4 por persoa)

Público familiar (+5 anos) | Castelán

Premio Max 2023 Mellor espectáculo infantil, xuvenil e familiar

La Chana Teatro, fundada en 1987 por Aurea Pérez e Jaime Santos, é un dos grandes referentes da escena salmantina. Leva feitos múltiples espectáculos e moitos máis quilómetros, pois viaxaron por toda a xeografía española e a Brasil, Francia, Bélxica, Portugal, Nixer, Marrocos, Suíza e Colombia. Ao longo destes anos atoparon un modo de seu de contar historias, pero tendo sempre como protagonistas o obxecto, a palabra, o espazo e a interpretación. A crítica especializada destacou o seu traballo pola sinxeleza escénica, a calidade dos textos e a intelixencia na posta en escena.

21.00 h - CAMIÑOS DE MAR, TERRA E VENTO de Paula Carballeira (Galicia)

Xardíns CSC Maruxa e Coralia

Adultos | Galego

Camiños de mar, terra e vento. Polos camiños da terra van quen quere chegar lonxe, de vagar, atopando atrancos, e persoas descoñecidas, e aventuras fantásticas ou pequenas peripecias, perigos, sorpresas. Polos camiños do aire van que adiviñou como voar, coa axuda de paxaros ou alfombras, de vasoiras ou de rachas de vento. Polos camiños do mar vai quen espera atopar illas misteriosas, música feita por ondas e sereas, baleas brancas, luras xigantes, tesouros que pode non ser de ouro nin de prata, senón de corais e criaturas das profundidades.

21.30 h ANDAINA NOCTURNA POLA PORTELA DE VILLESTRO

Prazas: 25 | Duración: 2-3 h | Público adulto

Punto encontro: Aparcadoiro do campo de fútbol de Villestro

Inscrición: <https://Andaina.Nocturna.Villestro.eventbrite.es>

PORTUGAL | Vila Nova (Freguesia de Ferral, Município de Montalegre)

18.00 h | PASSEIO HISTÓRICO con Jorge Leal (Associação Povo e Natureza do Barroso)
Público Familiar | Português

21.00 h | CONTOS DE ANTANHO | Estefânia Surreira
Público Familiar | Português